

DOSSIER DO CURSO (2024) DE IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO DO CIOV- Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo

Obxectivos xerais

Dar a coñecer a poesía oral improvisada en verso

Intentar espertar o interese pola práctica desta técnica

Conseguir ao remate deste curso que o alumnado sexa quen de improvisar en verso

Aumentar as nosas competencias persoais no fomento das actitudes para a improvisación, da actitude creativa, do desenvolvemento da memoria

Aumentar as competencias lingüísticas e escénicas na expresión oral e na dimensión lúdica da lingua

Aumentar a competencia musical

Vincular o alumnado co noso patrimonio cultural, tomar conciencia deste legado e da necesidade de recuperalo, valoralo e transmitilo

Contidos

Parte teórica

Orixe e evolución da poesía oral improvisada até a actualidade

A improvisación oral no mundo

O proceso de creación da poesía oral improvisada

A literatura oral en Galicia

Manifestacións galegas de carácter oral: romances, cantares de cegos, panxoliñas...

Outras manifestacións: cantigas de traballo, de berce, alalás, arrolos...

Manifestacións de carácter oral e improvisado: a regueifa, o brindo, a enchoiada, maios, cornetadas...

A regueifa e o brindo

Concomitancias das improvisacións orais galegas con outras formas actuais de repentismo, tanto de carácter urbano (rap...) como doutras latitudes.

Parte metodolóxica

O ritmo, a rima, a métrica, estrofas...

Actividades: xogos con palabras, xogos con versos e poemas, xogos de improvisación

Actividades con recursos literarios

Actividades para mellorar a comunicación oral/verbal

A performance escénica

O profesorado

As aulas semanais serán impartidas por Kike Estévez. A sesión maxistral de despedida será dirixida polo profesor e nela estará presente outra/o regueifeira/o, así como o alumnado do curso.

Asemade, haberá dous/dúas practicantes ou estudosos/as deste eido que nos visitarán ao longo do curso.

Lugar

Verbum (Avda. de Samil, 17) [enlace a google maps](#)

Para se inscribir é necesario enviar un correo electrónico a actividades.snl@vigo.org (no "Asunto" debe poñer: improvisación oral en verso, e indicará o seu nome completo e teléfono de contacto)